

<b>Obxecto:</b>	Solicitud de informe sobre nova documentación patrimonial incorporada ao EsIA
<b>Proxecto:</b>	Parque Eólico O Sobredo
<b>Concellos:</b>	Arbo (Pontevedra)
<b>Promotor</b>	Sociedad Parque Eólico O Sobredo, SL
<b>Remitido:</b>	Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
<b>Clave:</b>	IN661A 2011/5-4
<b>Expte.:</b>	03.I.422.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA945/2011 (Servizo de Arquitectura)

O 20.10.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se dá traslado da nova documentación aportada polo promotor en resposta ao requirimento feito no informe do 16.09.2022 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural relativo aos documentos de Estudo de impacto ambiental e Proxecto sectorial do PE O Sobredo. Facílitate a ligazón web para descargar a **Memoria refundida de Evaluación del Impacto sobre el Patrimonio Cultural del Proyecto del PE O Sobredo, octubre 2022**.

De acordo co establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 37 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* e nos apartados 1 e 2 do artigo 34 da *Lei 5/2016, do 4 e maio, do Patrimonio Cultural de Galicia* solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

### **Antecedentes e feitos**

O 05.05.2022 a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar ao arqueólogo Cristobal Nodar Nodar, da empresa ZETA Arqueoloxía, a realización da intervención *Prospección arqueolóxica para Avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural do Parque Eólico O Sobredo (Arbo, Pontevedra)*. Este proxecto de intervención recibe o código **CT 102A 2022/317-0**.

O 16.09.2022 a Dirección Xeral do Patrimonio cultural, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, emite o último informe respecto dos documentos de EsIA e Proxecto sectorial do parque. O informe versa sobre o alcance e contido dos documentos *Estudio de Impacto Ambiental del PE O Sobredo, mayo 2022*, dentro do cal se encontraba o documento *Memoria de Evaluación del Impacto sobre el Patrimonio Cultural del Proyecto del PE O Sobredo, mayo 2022*<sup>1</sup> elaborada polo arqueólogo Cristobal Nodar Nodar. Dito informe sinala que dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural o actual deseño do parque non é compatible cos valores de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia. Polo que ao obxecto de poder continuar coa tramitación do expediente será necesario ter en conta as seguintes consideracións:

- *Deberase modificar a posición dos aeroxeradores nº 3 e nº 4 para que a súa implantación non afecte o contorno de protección do Xacemento medieval de San Felipe GA 36001016, considerando como tal un radio de 200m dende o elemento máis exterior do ben. Asemade a área de protección integral do xacemento arqueolóxico non debe quedar afectada pola cualificación de solo rústico de protección de infraestruturas derivada da implantación do parque eólico.*
- *Previo ao inicio das obras, será necesario realizar unha intervención arqueolóxica complementaria a prospección arqueolóxica xa presentada que permita comprobar, mediante sondaxes manuais, a existencia de xacemento arqueolóxico no lugar do Salgueirón. Esta intervención deberá definir a extensión do xacemento ou no seu defecto, determinar se existen restos arqueolóxicos nas áreas*

1. Como antecedentes a este documento xa foran presentados outros dous estudos patrimoniais, a saber:

**1- Estudio de impacto sobre el patrimonio cultural del PE O Sobredo, enero 2012.** Este documento recolle *O estudio de impacto sobre o patrimonio cultural del PE O Sobredo (Arbo, Pontevedra) Revisión 1*, realizado por M<sup>a</sup> del Mar López Cordeiro a raíz das modificacións que sufriu a alternativa presentada o 09.05.2011 (Documento de inicio).

**2- Estudio de impacto sobre el patrimonio cultural del PE O Sobredo, enero 2021** recolle o estudo feito, polo arqueólogo Alejandro Parga Castro da empresa AKMÉ S.C. Arqueología y Gestión del Patrimonio, tralo cambio de deseño do parque autorizado en resolución de **30.11.2018**. O documento aportado polo devandito técnico titúlase *Anexo Evaluación de impacto sobre el patrimonio cultural. De las modificaciones del PE de O Sobredo*.

Estes documentos foron obxecto dunha análise pormenorizada xa recollida en Resolución da DXPC o 25.04.2022.





onde se teñen previsto movementos de terra, é dicir, entre o punto X:555539-Y:4665060 e o punto X:556075-Y:4664739 do denominado V-1 (viario de acceso principal onde se teñen previsto terrapléns, desmontes, rectificación de curvas, gabiá de cableado,...) e no novo viario que dá acceso ao aeroxerador nº 2 e a zona de amoreamento anexa. A tal fin, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).

En todo caso, as obras de acondicionamento do viario principal, a execución do viario de acceso ao aeroxerador nº 2, a implantación da zona de amoreamento anexa e a implantación do aeroxerador nº 2 quedarán condicionadas aos resultados da devandita intervención arqueolóxica.

- De chegar a usarse como camiño de acceso o viario asfaltado inmediato ao achado Tégulas PA-40 será necesario contar coa aprobación e supervisión do equipo encargado do control e seguimento arqueolóxico da obra; este será o encargado de tomar as medidas necesarias para paliar as posibles afeccións sobre o patrimonio arqueolóxico.
- Avaliaranse as afeccións que a infraestrutura eólica causa sobre os denominados "recintos" de pedra e terra, sendo recomendable que non se destrúan e se empreguen os viarios actuais.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Respecto ao Proxecto Sectorial:

- Deberá incorporar as modificacións no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes para que haxa correspondencia entre os documentos. Asemade deberá completarse co inventario dos bens identificados no Anexo III: Estudo do Impacto Arqueolóxico, todas as valoracións de impacto e a proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios.
- Na planimetría da clasificación urbanística incluíranse os bens patrimoniais identificados no Anexo III: Estudo do Impacto Arqueolóxico, que non estean protexidos polo planeamento, así como os seus contornos de protección. Á espera das delimitacións de protección específicas, os contornos de protección definiranse de acordo co art. 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollese a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- O Concello de Arbo deberá integrar os novos bens patrimoniais achados no seu catálogo urbanístico de protección e na súa planimetría de ordenación.

### **Consideracións legais e técnicas**

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008).
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011).
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013).
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018).
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997).
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021).
- Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022).
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. (DOG núm. 126, do 04.07.2022).

O proxecto está contemplado no Grupo 3.i do anexo I da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (parques eólicos que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou máis de 30 MW ou que se atopen a



menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental), debido a que se atopa a menos de 2km do PE Montouto 2000, en fase de explotación. De acordo co artigo 7.1 a) da antedita lei, o proxecto debe ser obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado no informe dos servizos técnicos:

### **Análise do documento**

#### **Memoria refundida Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do PE O Sobredo, outubro 2022**

- Segundo o apartado 4. *Datos técnicos de la obra*, punto 4.1. *Antecedentes* tralo informe da DXPC de 16.09.2022 fanse as seguintes modificacións no proxecto do parque:
  - Eliminación da posición do aeroxerador 3 e o seu viario de acceso.
  - Traslado do aeroxerador 4 afastando a máquina dos xacementos arqueolóxicos.
  - Modificación da gabia dos condutores de Media Tensión conectando o aeroxerador 1 co aeroxerador 4 transcorrendo paralelo aos viarios existentes.
  - Substitución dos aeroxeradores V136-3.6 MW por aeroxeradores V136-4.5 MW, mantendo o diámetro de rotor e os 105m de altura de buxa.
- O parque, localizado no concello de Arbo (Pontevedra) dentro da ADE II-5-6 Montouto, mantén unha potencia total de 18MW e a enerxía xerada evacuarase, como se prevía, a través dun condutor soterrado en gabia ata a subestación transformadora 220/20KV do PE Montouto 2000, situada a aproximadamente 500m ao SW. Asemade tamén se mantén o acceso previsto ao parque aproveitando a infraestrutura viaria, xa existente, do PE Montouto 2000; o cal se accede dende a estrada nacional N-120, a partir do núcleo da Fenteira.
- O documento patrimonial aportado, nomeado **Memoria refundida de Evaluación del Impacto sobre el Patrimonio Cultural del Proyecto del Parque Eólico O Sobredo, octubre 2022**, é elaborado polo arqueólogo Cristobal Nodar Nodar, da empresa ZETA Arqueoloxía en base aos estudos anteriores e a prospección autorizada pola DXPC o 05.05.2022.

No apartado 6. *Metodología de la intervención* explícase que para facer a avaliación de impacto sobre o patrimonio primeiramente levouse a cabo un baleirado de toda a información patrimonial da zona a estudio (Inventario de xacementos arqueolóxicos do Servizo de Arqueoloxía, Catálogo do PXOM de Arbo 27/06/1998, bibliografía da zona, Plan Básico Autonómico, toponimia,...etc). Seguidamente, fíxose unha prospección arqueolóxica con carácter extensivo na poligonal do PE e con carácter intensivo na banda dos 200m arredor das infraestruturas do proxecto. Finalmente, faise un inventario detallado dos bens patrimoniais, valóranse os posibles impactos que as obras poidan chegar a exercer sobre eles e proponse as medidas correctoras necesarias para corrixilos.

No apartado 8. *Elementos do patrimonio cultural* identifícanse 9 elementos do patrimonio cultural, dous deles fóra da poligonal. Destes 8 elementos, 6 considéranse de carácter arqueolóxico: *Xacemento medieval de San Felipe GA 36001016*, *Mámoa do Castelo GA36001002*, *Industria lítica O Salgueirón PA-37*, *Material cerámico e industria lítica do Salgueirón PA-38*, *Tégulas PA-40* e o topónimo *Chan do Foxo* e 3 de carácter etnolóxico: *Rodeiras dun camiño tradicional EC-5*, *Cruz de San Felipe Cruz 01* e *Chozo da Carpaceira Chozo 01*.

Nos apartados 9. *Evaluación de impacto* e 10. *Propuesta de medidas correctoras* valóranse os impactos que as obras poden chegar a ocasionar sobre os bens patrimoniais e faise unha proposta das medidas protectoras, correctoras e compensatorias a aplicar para corrixir a afección patrimonial, a saber:

Elemento	Axente de Impacto	Medidas correctoras específicas	Impacto
<i>Xacemento medieval de San Felipe</i> <b>GA 36001016</b>	Acondicionamento de viario existente a 164m +gabia de cableado polo lado contrario ao ben	Control arqueolóxico presencial das obras a realizar no contorno de protección +sondaxes manuais valorativas	Compatible



<i>Tégulas</i> <b>PA-40</b>	Gabia de cableado a 400m+ posible emprego do viario inmediato	Non se establecen, salvo que haxa que empregar o viario inmediato	Sen impacto
<i>TO Chan do Foxo</i>	Novo viario +Acondicionamento viario existente	Control arqueolóxico presencial	Compatible
<i>Industria lítica O Salgueirón</i> <b>PA-37</b>	Novo viario+Acondicionamento de viario existente+ áreas de amoreamento	Control arqueolóxico presencial+ sondaxes manuais valorativas	Moderado
<i>Material cerámico e industria lítica do Salgueirón</i> <b>PA-38</b>	Acondicionamento de viario existente	Control arqueolóxico presencial +sondaxes manuais valorativas	Moderado
<i>Cruz de San Felipe</i> <b>Cruz 01</b>	Acondicionamento de viario existente a 218m	Control arqueolóxico presencial	Sen impacto
<i>Chozo da Carpaceira</i> <b>Chozo 01</b>	Viario de acceso a 24m	Control arqueolóxico presencial	Sen impacto
<i>Camiño tradicional</i> <b>EC-5</b>	Acondicionamento de viario existente a 18m	Control arqueolóxico presencial	Compatible
<i>Recintos</i>	O viario de acceso atravesa o recinto 3 onde non se conservan estruturas	Control arqueolóxico presencial	Compatible

No apartado 10. *Propuesta de medidas correctoras* ademais das medidas específicas sinálase que é necesaria a realización dun control e seguimento arqueolóxico das obras, sobre todo na fase de replanteo e remoción de terras. Ademais desta medida sinálase outras de carácter xeral:

- Comunicación, ao equipo encargado do control e seguimento, do emprazamento de posibles zonas de acopio ou préstamo, como de calquera obra non recollida na planimetría do proxecto.
- Revisión pormenorizada de todo o replanteo previo ás obras.
- Incorporación dos elementos do patrimonio cultural e as súas cautelas nos planos dos responsables de obra.
- Balizado dos posibles elementos que apareceran durante as fases de replanteo e construción, sinalización na planimetría de obra e prohibición de remocións non controladas nas súas inmediatezas.

Unha vez analizados os novos documentos, pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais conséntase que na zona de afección do parque eólico existen bens do patrimonio cultural que son identificados na *Memoria refundida de Avaliación do Impacto sobre o patrimonio cultural*, onde tamén se avalía o seu impacto e se propoñen as correspondentes medidas correctoras.
- As modificacións do proxecto do parque eólico e as medidas correctoras establecidas no novo documento patrimonial fan que o PE O Sobredo sexa compatible cos valores de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia.
- Os Puntos Arqueolóxicos (PA) denominados *Industria lítica O Salgueirón PA-37* e *Material cerámico e industria lítica do Salgueirón PA-38*, atópanse actualmente identificados no *Inventario de Xacementos Arqueolóxicos de Galicia* co código **ACH 36001008**. Estes achados son un claro indicio de que a zona pode conservar restos de interese arqueolóxico vinculados a Fase Final do Calcolítico (2200-1800 ANE) e a comezos da Idade do Bronce (1800-1600 ANE). A grande extensión e a natureza "invisible" deste tipo de xacementos da prehistoria recente do NW peninsular é unha constante e fai que sexan necesarias intervencións arqueolóxicas específicas para poder delimitalos e caracterizalos. O documento aportado recolle parcialmente as medidas correctoras establecidas con respecto a estes elementos patrimoniais.







- O coñecemento do patrimonio cultural da zona a raíz da nova documentación incrementouse considerablemente, producíndose cambios substanciais no número de bens, denominación e contornos de protección dos mesmos. Todas estas modificacións deben ser reflectas e correspondidas na documentación do proxecto sectorial como instrumento de ordenación do territorio.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver o informe dos servizos técnicos e tendo en conta o establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, emite o seguinte

#### INFORME:

En atención ao expresado na análise da documentación de referencia e nas consideracións técnicas informase **favorablemente** o Estudo de impacto Ambiental e Proxecto Sectorial do Parque Eólico O Sobredo, conforme ás modificacións introducidas na última documentación remitida o 20.10.2022 e as medidas correctoras propostas nesa documentación. Asemade, teranse en conta as seguintes consideracións e condicións:

- Como xa se sinalara no informe da DXPC do 16.09.2022 e **previo ao inicio das obras**, será necesario realizar unha intervención arqueolóxica complementaria a prospección arqueolóxica xa realizada que permita delimitar e caracterizar os *Achados do Salgueirón ACH 36001008*. Esta intervención consistirá na realización de amplas sondaxes arqueolóxicas de carácter manual que permitan determinar a existencia de restos de interese arqueolóxico nas áreas onde se teñen previsto movementos de terra, é dicir, entre o punto X:555539-Y:4665060 e o punto X:556075-Y:4664739 do denominado V-1 (viario de acceso principal onde se teñen previsto terrapléns, desmontes, rectificación de curvas, gabia de cableado,...), **así como no novo viario que da acceso ao aeroxerador nº 2 e nas zonas de amoreamento anexas**. A tal fin, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).

En todo caso, as obras de acondicionamento do viario principal, a execución do viario de acceso ao aeroxerador nº 2, a implantación da zona de amoreamento anexa e a implantación do aeroxerador nº 2 quedarán condicionadas aos resultados da devandita intervención arqueolóxica.

- Independentemente das medidas que se podan derivar das consideracións anteriores, a totalidade dos traballos de construción do parque eólico e a súa liña de evacuación realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOGA núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA núm. 150, do 06.08.1997). O devandito proxecto terá en conta as medidas correctoras sinaladas na *Memoria refundida Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do PE O Sobredo, outubro 2022* e tódalas consideracións feitas nos informes da DXPC.
- O proxecto sectorial, como instrumento de ordenación do territorio, deberá incluír tanto no texto como na planimetría de clasificación urbanística as modificacións que se poidan derivar do novo estudo de impacto arqueolóxico incluído no EsIA, para que haxa correspondencia entre ámbolos dous documentos. Reflectiranse tódolos bens patrimoniais identificados no EsIA e os seus contornos de protección, así como un inventario dos mesmos que recolla os datos básicos de identificación de cada un dos bens localizados na poligonal.
- O concello de Arbo deberá incluír os novos bens patrimoniais no seu catálogo de bens culturais. A espera da definición das delimitacións de protección específicas e de acordo co art. 38 da *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia*, para os bens arqueolóxicos establecerase un contorno de protección subsidiario de 200 m medidos dende o vestixio máis exterior do ben.
- Os cambios solicitados, terán que ser informados de novo pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.





Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

P.S. Decreto 119/2022, do 23 de xuño (DOG núm.126, o 4 de xullo)

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

